



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Calendario fiscal da taxa pola recollida de lixo en 2024

ANUNCIO

O Concelleiro delegado de Economía e Facenda, D. Emilio Maceiras López, do Concello de Arteixo, por resolución número 3726/2023 en data 5 de decembro de 2023, acordou a aprobación do **CALENDARIO FISCAL DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO EN 2024** e que cumprirá, asimesmo, coa función de publicación do anuncio de cobranza a que se refire o artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2005, de 29 de xullo, en relación cos distintos prazos de cobranza que en período voluntaria se van a outorgar aos contribuíntes para o pagamentos dos tributos que se relacionan, cuio cobro se esixe mediante padrón de forma periódica ó longo deste exercicio de 2024 polo concello de Arteixo.

PRIMEIRO.- Aprobar o calendario fiscal en 2024 da taxa pola recollida de lixo, segundo detalle:

Inicio	Fin	Cargo en conta domiciliacións	Concepto
11.03.2024	15.05.2024	18.03.2024	2º semestre 2023 taxa recollida de lixo
11.09.2024	15.11.2024	18.09.2024	1er semestre 2024 taxa recollida de lixo

SEGUNDO. Modalidades e lugar

Para o cobramento dos citados tributos o Concello remitirá ó enderezo dos contribuíntes un tríptico co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario que se indica no cadro anterior:

- a) nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborables: **Abanca, Banco Bilbao Vizcaia Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank, Banco Sabadell,**
- b) a través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras
- c) ou con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador: https://epasarela.abanca.com/wpgs012/wpgs012_pagorecibosdefault.aspx?emisora=15005&idioma=G

Os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seránlle cargados na conta por eles indicada os días sinalados no cadro anterior.

As persoas que non reciban ou extravíen os trípticos mencionados poderán solicitar un duplicado nas oficinas municipais de Rendas , ou por medio de correo electrónico a facturacionrsu@arteixo.org (no caso de recibos de lixo) antes do remate do prazo indicado, dado que a súa non recepción non exonera da obriga de pagamento nen impide a utilización da vía de constrinximento. Asemesmo poderán solicitar do Concello canta información precisen en horario de Luns a Venres, de 9:00h a 14:00h.

Advirtéselle que transcurrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devenga-lo recargo de prema, xuros de mora, e no seu caso, as custas que se produzan.

TERCEIRO. Medios de impugnación

O presente calendario do contribuínte para o exercicio 2024 é susceptible de impugnación na vía contencioso-administrativa por quenes sexan titulares de dereitos ou intereses legítimos, sen que a interposición do recurso interrumpa a súa aplicación.

CUARTO. Posibilidade de modificación do calendario fiscal.

Resérvase o Concello de Arteixo a facultade de modificar o presente calendario cando concurran motivos xustificados, informando de tal circunstancia ós cidadáns con suficiente antelación.

Arteixo a 12 de decembro de 2023

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López (Concelleiro de Economía e Facenda).

2023/9804